

ASPECTOS XURÍDICO-LABORAIS E DE SEGURIDADE SOCIAL DO TRABALLO DA MULLER NO MAR* **

Xosé Manuel Carril Vázquez

Sumario: I.- O traballo marítimo-pesqueiro... II.- ... Da muller... III.- ... No mar... IV.- ... E para o mar... V.- ... Un proxecto inacabado.

I.- O TRABALLO MARÍTIMO-PESQUEIRO...

§1.- Aínda que poida resultar obvio, quizais conveña anticipar que a expresión legal «traballo no mar» non debe identificarse unicamente coa actividade laboral realizada a bordo de buques¹, dado que con tal expresión —tampouco identificábel, a teor do establecido no Dereito Internacional do Traballo, sinaladamente nos convenios e as recomendacións da Organización Internacional do Traballo, coa do traballo da «xente do mar»²—, se alude, en realidade, ao colectivo de persoas que «realice un traballo...

* Texto do relatorio lido e debatido en español o día 12 de novembro de 2003 na Facultad de Derecho de la Universidad de León, no marco do congreso sobre «La mujer en el trabajo. Antiguos y nuevos problemas», organizado polos Profs. Drs. Germán Barreiro González e Juan José Fernández Domínguez, Catedráticos de Dereito do Traballo e Seguridade Social da devandita Universidade.

** Abreviaturas empregadas.- Ar: Repertorio de Xurisprudencia Aranzadi. DOG: Diario Oficial de Galiza. ET de 1995: Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. FD: Fundamento de Dereito. ISM: Instituto Social da Mariña. Jur: Fondo xurisprudencial base de datos Aranzadi. OM: Orde Ministerial. REM: Réxime Especial do Mar. RXSSTM de 1970: Decreto 1867/1970, de 9 xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar. SsTS: Sentenzas do Tribunal Supremo. SsTSX: Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza. STSX: Sentenza do Tribunal Superior de Xusticia. TRTM de 1974: Decreto 2864/1974, de 30 agosto, polo que se aproba o texto refundido das Leis 116/1969, de 30 decembro, e 24/1972, de 21 xuño, polo que se regula o Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar. TSX: Tribunal Superior de Xusticia.

1 Neste senso a empregan, como é sabido, o art. 1.5, parágr. 2º, do ET de 1995 (cando declara que na «actividade de traballo no mar se considerará como centro de traballo o buque, entendéndose situado na provincia onde radique o seu porto base») e —tras das modificacións operadas polo Real Decreto 285/2002, de 22 marzo (BOE de 5 abril)— a subsección 5ª («Traballo no mar») da sección 4ª («Transportes e traballo no mar») do capítulo II («Ampliacións de xornada») do Real Decreto 1561/1995, de 21 setembro (BOE de 26 setembro), polo que se regulan as xornadas especiais de traballo, cuxos arts. 15 e 16 —feminizando en parte a expresión— tratan respectivamente do «Ámbito de aplicación persoal das disposicións sobre tempo de traballo e descanso no traballo na mar» e do «Tempo de traballo na mar», limitando o seu alcance «aos traballadores que presten servizos a bordo dos buques e embarcacións».

2 Termo este último co que *grosso modo* usualmente se alude tan só aos mariños mercantes, posto que os convenios e as recomendacións da Organización Internacional do Traballo xeralmente soen identificar

catalogado como marítimo»³ e que, polo mesmo, «dun xeito directo ou indirecto ten como escenario o mar»⁴, e non só a embarcación que navega nas súas augas.

§2.- Así se desprende do TRTM de 1974 e do RXSSTM de 1970, reguladores do réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar, que constitúen na actualidade —a falta doutras disposicións normativas que regulen globalmente o tema do traballo no mar⁵— as primeiras e principais fontes de coñecemento españolas a ter presentes sobre este concreto asunto. Con efecto, se trata de normas que, á hora de traxer «nas súas liñas esenciais a realidade laboral á que ha[n] de estender a súa acción protectora»⁶, inciden directamente na idea de que son «variados... [os] sectores do traballo no mar»⁷, aínda que todos eles constituídos «por quen do mar, directa o indirectamente, obtén o meio fundamental da súa subsistencia e, ademais, por dous grupos ben definidos de traballadores: Os traballadores por conta allea e os traballadores por conta propia ou autónomos»⁸.

§3.- Precisamente este «criterio realista de considerar como traballador do mar... ao que liga a súa vida ás tarefas marítimo-pesqueiras dentro dos máis variados grupos e sectores que... [este] Réxime Especial abrangue»⁹, permite afirmar que o traballo no mar abarca numerosas actividades, as cais son, en esencia, as que aparecen casuísticamente relacionadas na propia normativa reguladora da protección de seguridade social destes traballadores do mar¹⁰. Estas actividades marítimo-pesqueiras —sempre segundo o disposto pola normativa en cuestión— resultan clasificábeis en dous grandes grupos, relativos a actividades realizadas «no mar»¹¹ e a actividades realizadas «para o mar»¹².

baixo o mesmo ás persoas que, conforme á lexislación de cada Estado, están ocupadas laboralmente a bordo de buques adicados á navegación marítima, é dicer, ao transporte de mercadorías ou de pasaxeiros con fins comerciais, coa exclusión doutras específicas clases de traballadores do mar, tais como pescadores e traballadores portuarios. Sobre o tema, véxase CORREA CARRASCO, M., *La Ordenación de las Relaciones Laborales en el Sector Marítimo-Pesquero*, Consejo Económico y Social (Madrid, 2000), páxs. 25 e 26.

3 Cfr. SERRANO GIMENEZ, I. e FERNANDEZ MARCOS, L., «Régimen especial del mar. Ámbito de cobertura, contingencias, prestaciones», en *Diecisiete lecciones sobre regímenes especiales de la seguridad social*, Universidad de Madrid-Facultad de Derecho (Madrid, 1972), pág. 179.

4 *Ibidem*, pág. 180.

5 Téñase en conta a caducidade formal das regulamentacións e ordenanzas de traballo marítimo-pesqueiras, por causa do establecido na disposición transitoria sexta do ET de 1995 (sobre o tema, véxase CARRIL VÁZQUEZ, X.M., *La seguridad social de los trabajadores del mar*, Civitas [Madrid, 1999], páxs. 143 e ss.), e tamén, o escaso desenvolvemento da negociación colectiva —especialmente no sector da pesca—, provocado pola «excesiva atomización do sector, que orixina problemas de lexitimación na negociación colectiva e no desenvolvemento normal das relacións laborais» (véxase Informe 7/1996, del Consejo Económico y Social, de 27 noviembre 1996, sobre *Análisis Socioeconómico del Sector Pesquero*, Consejo Económico y Social [Madrid, 1997], pág. 116).

6 Véxase exposición de motivos do TRTM de 1974, punto 4, parágrafo 2º.

7 *Ibidem*, punto 1, parágrafo 2º.

8 *Ibidem*, punto 3, parágrafo 3º.

9 Véxase exposición de motivos do TRTM de 1974, punto 3, parágrafo 1º.

10 Quizais conveña apuntar que esta relación de actividades marítimo-pesqueiras non resulta exhaustiva, dado que a mesma se ten elaborado coa única finalidade de determinar qué concreta clase de traballadores resulta protexida por este réxime especial de seguridade social, sendo posíbel, por isto mesmo, falar de actividades non incluídas neste réxime especial a pesar da súa natureza marítimo-pesqueira, tais como a desenvolvida polos capitáns, xefes e oficiais da mariña mercante autónomos que —dende a promulgación dunha OM de 6 abril 1989 (BOE de 17 abril)— quedaron «comprendidos con carácter obrigatorio no campo de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propria ou Autónomos» (véxase o seu art. único).

11 Véxase exposición de motivos do TRTM de 1974, punto 3, parágrafo 2º.

12 *Ibidem*.

O primeiro está constituído, pola súa vez, por catro actividades perfectamente diferenciadas, a saber: 1) a da «mariña mercante»¹³; 2) a da «pesca marítima en calquera das súas modalidades»¹⁴ —isto é, pesca de arrastre, pesca de cerco e outras artes, pesca marítima en buques conxeladores e pesca de bacallau¹⁵—, puidendo incluírse aquí tamén a actividade das persoas adicadas á «extracción doutros produtos do mar»¹⁶, como mariscos, argazos, corais e demais produtos mariño-orgánicos distintos dos peixes, ao estar directísimamente vencellada á pesca marítima propiamente dita; 3) a dos traballadores que prestan servizos realizando labores en «Tráfico interior de portos e embarcacións deportivas e de recreo»¹⁷; e 4) a dos traballadores que prestan os seus servizos en empresas explotadoras de plataformas petrolíferas situadas en alta mar¹⁸.

Pola súa parte, o segundo dos grupos citados —que comprende, lémbrese, as actividades realizadas en terra firme, pero que serven de complemento ás que se desenvolven precisamente no mar— inclúe as seguintes: 1) a actividade consistente en «traballos de carácter administrativo, técnico e subalterno das Empresas adicadas ás actividades anteriores»¹⁹ —que son as da mariña mercante, pesca marítima, extracción doutros produtos do mar, tráfico interior de portos e embarcacións deportivas e de recreo—, e na que tamén encaixarían as tarefas do «persoal ao servizo das Confradías... de Pescadores, e as súas Federacións, e as Cooperativas do Mar»²⁰; 2) a actividade do «Traballo de estibadores portuarios»²¹, prestada por traballadores adicados aos labores de carga, descarga, estiba e desestiba e transbordo de mercadorías, obxecto de tráfico marítimo nos buques e dentro da zona portuaria²²; e 3) a actividade dos «redeiros»²³.

II.- ... DA MULLER...

§4.- Así delimitado, o traballo marítimo-pesqueiro constitúe unha actividade económica moi específica, cuxas singularidades —relativas basicamente á perigosidade e penosidade deste tipo de traballo, á presenza dos buques como auténticos centros de traballo, á dispersión destes últimos, e enfin, á existencia de certas condicións de traballo, tais como o salario denominado «á parte», ausentes noutros sectores produtivos²⁴—non

13 Véxase art. 2.a) 1ª do TRTM de 1974.

14 Véxase art. 2.a) 2ª do TRTM de 1974.

15 Sobre as distintas artes de pesca empregadas, determinantes da tipoloxía dos buques de pesca, véxase BARDARSON, H.R., «Principales sectores y procesos», en *Enciclopedia de salud y seguridad en el trabajo*, Vol. III, Organización Internacional del Trabajo-Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Madrid, 1999), páxs. 66.6 e ss.

16 Mencionada aparte no art. 2.a) 3ª do TRTM de 1974.

17 Véxase art. 2.a) 4ª do TRTM de 1974.

18 Incluídos no réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar por unha resolución da Dirección Xeral de Ordenación Xurídica e Entidades Colaboradoras da Seguridade Social, do Ministerio de Trabajo, de 1 xuño 1993 (publicada no *Catálogo de Resoluciones Administrativas. Acción Protectora*, 3ª ed., Instituto Nacional de Seguridad Social [Madrid, 1996], páxs. 289 e ss.).

19 Véxase art. 2.a) 5ª do TRTM de 1974.

20 Véxase art. 2.a) 8ª do TRTM de 1974.

21 Véxase art. 2.a) 6ª do TRTM de 1974.

22 Sobre estes labores, véxase Real Decreto-Lei 2/1986, de 23 maio, sobre o servizo público de estiba e desestiba de buques (BOE de 27 maio).

23 Véxase art. 2.b) 3ª do TRTM de 1974.

24 Sobre as mesmas, véxase GALA VALLEJO, C., *Régimen especial de la seguridad social de los trabajadores del mar. Ordenamiento jurídico vigente*, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social (Madrid, 1989), páxs. 14 e ss.

só teñen dificultado, dende sempre, a aplicación ao mesmo das normas laborais²⁵ e de seguridade social²⁶, senón que tamén teñen obstaculizado, en numerosas ocasións, a incorporación e a permanenza da muller en moitos dos concretos subsectores nos que, como se ten visto, pode clasificarse o traballo marítimo-pesqueiro.

§5.- Estas dificultades semellan xustificar a tradicional inclusión das traballadoras do mar na relación de profesións ou oficios nos que se considera que a muller está subrepresentada a efectos de subvencionar a súa contratación. Confírmalo a OM de 16 setembro 1998²⁷, sobre fomento do emprego estábel de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino, segundo a cal «se considera que as mulleres están subrepresentadas en todas as profesións ou oficios da Clasificación Nacional de Ocupacións, agás aqueles que figuran relacionados no Anexo desta Orde»²⁸, relativo aos «Códigos de ocupacións excluídas de bonificacións ao abeiro do disposto nesta Orde (segundo clasificación nacional de ocupacións CON-94, aprobada por Real Decreto 917/1994, de 6 de maio [Boletín Oficial do Estado do 27]», e no que precisamente non figuran as actividades marítimo-pesqueiras como profesións isentas de tais incentivos para a contratación laboral.

§6.- Obviamente, as dificultades de incorporación e permanenza desta específica clase de traballadoras no traballo marítimo-pesqueiro non sempre rexistran o mesmo grao de intensidade, posto que as mesmas, dado o heteroxéneo conxunto de actividades aquí presentes, soen mudar en función do concreto subsector marítimo-pesqueiro no que as mulleres prestan os seus servizos. De todos eles, interesa deterse tan só no estudo das actividades que realizan estas traballadoras en catro concretos supostos, incardinábeis —sempre tendo en conta a clasificación xa coñecida das actividades marítimo-pesqueiras— nos dous grandes grupos citados, relativos respectivamente a traballos realizados «no mar» e a traballos realizados «para o mar».

III.- ... NO MAR...

§7.- No grupo de traballos realizados directamente no mar, destacan dúas concretas actividades marítimo-pesqueiras, nas que a presenza de man de obra feminina resulta, por diversas causas, moi desigual.

25 Se ben é certo que o ET de 1995, a diferenza da Lei 16/1976, de 18 abril (BOE de 21 abril), de relacións laborais —cuxo art. 3.d) concebía como especial o «traballo no mar»—, xa «non considera contrato especial ao de embarco, sobre o que garda absoluto silencio» (véxase MONTAÑA MELGAR, A., *Derecho del Trabajo*, 24ª ed., Tecnos [Madrid, 2003], pág. 527), hai que indicar, no caso concreto dos traballadores do mar embarcados, que «a consideración do buque como centro de traballo vai afectar... tanto aos aspectos constitutivos... [da] relación [de traballo marítimo-pesqueiro] como, en xeral, ás condicións nas que se desenvolve» (véxase CORREA CARRASCO, M., *La ordenación de las Relaciones Laborales en el Sector Marítimo-Pesquero*, cit., pág. 33).

26 Sobre o tema, véxase CARRIL VÁZQUEZ, X.M., *La seguridad social de los trabajadores del mar*, cit., páxs. 47 e 48.

27 BOE de 29 setembro. Trátase dunha disposición que derroga o «Anexo III da Orde de 6 de agosto de 1992» (véxase a súa disposición derogatoria), pola que se regulaba a concesión das axudas para o fomento da contratación indefinida establecidas na Lei 22/1992, de 30 xullo (BOE de 4 agosto), de medidas urxentes sobre fomento do emprego e protección por desemprego, que incluía na súa «relación de profesións ou oficios nos que se considera que a muller está subrepresentada a efectos de subvencionar a súa contratación» as actividades de «Pilotos e oficiais de navegación aérea e marítima» (véxase o seu punto 1, sobre «Profesións e técnicos») e de «Traballadores da pesca e caza» (véxase o seu punto 6, relativo ao «Persoal adicado á agricultura, gandería, silvicultura, pesca e caza»).

28 Véxase o seu art. único.

§8.- A primeira delas se refere ao traballo que as mulleres prestan como persoal contratado a bordo de barcos da mariña mercante e de pesca. Trátase dunha actividade que rexistra un nivel de «emprego de mulleres... pouco satisfactorio»²⁹, especialmente no sector pesqueiro, considerado «tradicionalmente un couto pechado para os homes»³⁰. Con efecto, a diferenza do caso concreto das denominadas «mulleres mariño»³¹ —cuxa presenza semella resultar de cada vez maior³², sobretudo na flota de cruzeiros, «en empregos de hotel, espectáculos e catering, aínda que tamén... en cargos de xestión e supervisión»³³—, o número de mulleres que traballan a bordo de embarcacións de pesca é realmente baixo, pois —a 31 maio 2003— a maioría das 1.645 traballadoras afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar pola realización de actividades «pesca e acuicultura» resultan ser empregadas de piscifactorías, correspondendo ao resto ás poucas mulleres que traballan a bordo de barcos de pesca de baixura, que son concretamente mariscadoras a flote que comporten a faena cos seus maridos³⁴.

As causas polas que o emprego feminino na pesca propiamente dita (é dicir, a captura de peixes) resulta tan marxinal no Estado Español —dado éste, por certo, común en todos os Estados da Unión Europea³⁵— se reconducen basicamente ao feito de que non se traballa en terra, senón no mar, e ademáis, nun centro de traballo, por definición móbil, ideado para desprazarse incluso polas augas xurisdicionais de mui diversos Estados. Este carácter eminentemente extraterritorial da actividade pesqueira, que existe en ocasións permanecer fóra do fogar e do país durante longas tempadas³⁶, semella presentar no caso concreto das mulleres claras limitacións para o seu emprego neste tipo de buques.

E isto, en primeiro lugar, porque o buque, que é por razón desta concreta actividade centro de traballo e vivenda do traballador do mar embarcado³⁷, soe carecer de «instalacións específicas» para as mulleres embarcadas³⁸, dificultando deste xeito a

29 Véxase COMISION DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS, COM (2001) 188 final «Comunicación de la Comisión al Consejo y al Parlamento Europeo sobre la formación y la contratación de la gente de mar», de 6 abril 2001, páx. 9.

30 Véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el sector pesquero», en *Mar*, núm. 419 (2003), páx. 42.

31 Véxase WHITFIELD, M., «Olas de resistencia. Las mujeres en el mar», en *Transporte Internacional*, número 11 (2003), localizabel en <http://www.itf.org.uk/TI/11/spanish/5.htm>.

32 A 31 maio 2003, o número de traballadoras por conta allea da mariña mercante en situación de alta no réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar era «1.167» (véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el sector pesquero», cit., páx. 44).

33 Véxase WHITFIELD, M., «Olas de resistencia. Las mujeres en el mar», cit., en <http://www.itf.org.uk/TI/11/spanish/5.htm>.

34 Sobre estas cifras de afiliación, con especial referencia ao caso das traballadoras do mar galegas, véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el mar», cit., páxs. 43 e 44.

35 Posto que o emprego da muller na pesca equivale na Unión Europea a un 3% do total dos traballadores do sector. Sobre o tema, con inclusión dun cadro específico sobre «Emprego feminino na pesca por país (unidades: porcentaxe de traballadoras)», véxase COMISION EUROPEA-DIRECCION GENERAL DE PESCA «Resumen del informe “El papel de la mujer en la pesca”», en http://europa.eu.int/comm/fisheries/doc_et_publ/pub_es.htm, págs. 6 e 7.

36 Con efecto, na «pesca a grande escala, os membros da tripulación vense separados da súa familia e da súa comunidade mentras están no mar, e moitos deles só pasan breves períodos en terra entre unha travesía e outra... [porque a] duración dunha travesía soe variar entre 10 días e 3 meses» (véxase MUNKMADSEN, E., «Características psicosociales de los trabajadores del mar», en *Enciclopedia de salud y seguridad en el trabajo*, vol. III, cit., páx. 66.11).

37 Véxanse, neste senso, SsTS de 16 abril 1961 (Ar. 2096), 22 marzo 1962 (Ar. 1377), 19 xaneiro 1966 (Ar. 122), 11 xuño 1966 (Ar. 2801), 26 xaneiro 1967 (Ar. 767) e 23 xuño 1971 (Ar. 2690).

38 Véxase COMISIÓN EUROPEA-DIRECCIÓN GENERAL DE PESCA, «Resumen del informe “El papel de la mujer en la pesca”», cit., páx. 8.

existenza de «tripulacións mixtas»³⁹. E en segundo lugar, porque o feito de traballar e vivir neste centro de traballo tan especial non só motiva a existencia dunha regulación específica sobre a xornada de traballo⁴⁰, senón que ademais dificulta considerabelmente a conciliación da vida familiar e laboral destas mulleres⁴¹, especialmente se se trata de mulleres con cónxuxes tamén embarcados, posto que, ademais de adicarse ao coidado normal dos fillos e do fogar, teñen que ocuparse xeralmente da xestión específica en terra firme de todas as cuestións que atinxan ao marido ausente⁴².

Todo isto, unido á presión externa que exerce sobre elas o xogo de certos tópicos claramente discriminatorios —tais como os relativos a que son febles ou que traen máis sorte a bordo—, fai comprensíbel que sexan «poucas [as] mulleres [que] desexan realmente saír pescar, especialmente en alta mar»⁴³, e que, en definitiva, sexan moitas as que prefiran adicarse a actividades marítimo-pesqueiras distintas, como son, por exemplo, as relacionadas coa extracción doutros produtos do mar (explotación de mariscos, argazos, corais e demais produtos mariño-orgánicos) distintos dos peixes.

§9.- Precisamente, a recollida do marisco a pé constitúe a segunda das actividades a salientar neste concreto grupo de traballos realizados por mulleres directamente no mar. A diferenza da que se acaba de ver, se trata dunha actividade realizada case íntegramente por persoal feminino, sendo mínima a presenza aquí de man de obra masculina. Trátase, ademais, da actividade marítimo-pesqueira que rexistra o maior número de mulleres afiliadas ao réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar, posto que —a 31 maio 2003— das 10.947 traballadoras en situación de alta neste réxime especial, concretamente 5.073 son mariscadoras que realizan o seu traballo por conta propia⁴⁴.

Non cabe dúbida de que a principal característica desta actividade extractiva é a de rexistrar un elevado grao de intervencionismo administrativo⁴⁵, co que pretende evitarse a sobreexplotación dos recursos marisqueiros, determinando que esta concreta actividade somentes poida levarse a cabo por aquelas persoas que previamente teñan obtido a habilitación administrativa correspondente. Precisamente por isto, o marisqueo é unha actividade efectuada por un número limitado de profesionais, posto que só pode exercerse por aquelas persoas que estexan en posesión do «permiso de explotación para o marisqueo a pé»⁴⁶, que constitúe a habilitación necesaria para a práctica desta profi-

39 *Ibidem*. Daí que se teña afirmado que «se ben existen excepcións tanto na pesca a pequena escala como na de grande escala, as tripulacións unisexuais son as máis frecuentes a nivel mundial» (véxase MUNK-MADSEN, E., «Características psicosociales de los trabajadores del mar», cit., páx. 66.11).

40 Véxase, neste senso, o devandito Real Decreto 1561/1995, de 21 setembro, sobre xornadas especiais de traballo; e concretamente, os seus arts. 15 a 18 bis.

41 Pénsese, por exemplo, nas dificultades para disfrutar dos permisos de redución da xornada de traballo por motivos familiares que contempla o art. 37 do ET de 1995, nos seus apartados 4 (por lactancia dun fillo menor de nove meses), 4 bis (por nacemento de fillos prematuros ou que deban permanecer hospitalizados) e 5 (por razóns de garda legal e polo coidado directo dun familiar).

42 Sobre o tema, véxase MANZANARES MARTÍNEZ, D.A., «La presencia de la mujer en el trabajo», en RODRÍGUEZ INIESTA, G. (Director), *Protección social y trabajo de la gente del mar*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia (Murcia, 2000), páx. 34.

43 Véxase COMISIÓN EUROPEA-DIRECCIÓN GENERAL DE PESCA, «Resumen del informe “El papel de la mujer en la pesca”», cit., páx. 9.

44 Véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el mar», cit., páx. 44.

45 Sobre o tema, véxase FERNÁNDEZ LÓPEZ, J.C., *O sistema xurídico pesqueiro de Galicia*, Xunta de Galicia (Santiago de Compostela, 1995), páxs. 15 e ss.; e tamén SANCHEZ LAMELAS, A., *La ordenación jurídica de la pesca marítima*, Aranzadi (Pamplona, 2000), páx. 153.

46 Así denominado formalmente en Galiza —que rexistra o maior número de mariscadoras no Estado Español—, segundo se desprende do art. 15 do Decreto 425/1993, de 17 decembro (DOG de 20 xaneiro 1994), da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galiza; norma ésta modificada por Decreto 237/2002, de 11 xullo (DOG de 18 xullo), tamén da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galiza.

sión. Trátase, polo demáis, dun requisito administrativo que incide directamente no tema da protección social destas mariscadoras autónomas, dado que a normativa reguladora do réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar establece que os «traballadores que se adiquen por conta própria á extracción de produtos do mar, tais como mariscadores..., demostraran mediante documento que acredite o desempeño efectivo das respectivas actividades, e sempre que devandita actividade constituía o seu meio fundamental de vida»⁴⁷.

Pero a concesión deste permiso de explotación, que obviamente está suxeito ao cumprimento de requisitos moi específicos, ten plantexado problemas no caso concreto de Galiza, dado que esta Comunidade Autónoma denega, dende o ano 2000, o permiso de explotación a aquelas mariscadoras a pé que non estexan afiliadas —e por conseguinte, non coticen— ao réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar⁴⁸, a pesar de que o «Instituto Social da Mariña lembra... que a profesionalización do sector non se acredita polo encadramento do colectivo no REM, senón polo cumprimento dunha serie de requisitos relacionados co exercizo da actividade, cuxa comprobación corresponde aos órganos competentes da Xunta de Galiza»⁴⁹. E é que o cumprimento deste requisito —establecido no marco dunha política autonómica de profesionalización do sector— condea a cesar na actividade a moitas das mariscadoras autónomas que tradicionalmente a viñan desempeñando.

En primeiro lugar, porque o ISM esixe a estas traballadoras a posesión do nomeado permiso para que poidan afiliarse ao réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar, ao se tratar dun documento acreditativo de que estas traballadoras se adican profesionalmente⁵⁰ e como meio fundamental de vida á actividade marisqueira⁵¹. E en segundo lugar, porque —a pesar das peculiaridades existentes na cotización do réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar⁵²— un número importante de mariscadoras non pode facer fronte economicamente ao pago da cotización mensual que deben efectuar se consiguen afiliarse a este réxime especial, dado o nivel baixo de ingresos a que, en ocasións, pode dar lugar a actividade do marisqueo nalgunhas concretas zonas, precisamente polo seu carácter intermitente e dependente da abundanza ou escaseza de capturas»⁵³.

47 Véxase art. 4 do RXSSTM de 1970.

48 Esta esixencia, que non consta expresamente no art. 17 do citado Decreto galego 425/1993, de 17 decembre (relativo precisamente aos requisitos «para obter o citado permiso»), aparece regulada na disposición adicional da citada norma, ao declarar que «os titulares dos permisos de explotación regulados no presente Decreto deberán darse de alta no réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar, nos prazos e condicións previstos no Texto Refundido da lei 116/1969, de 30 decembre, e da lei 24/1972, de 21 xuño, reguladoras do réxime mencionado anteriormente, aprobado por Decreto Legislativo 2864/1974, de 30 agosto, e demáis normas de aplicación».

49 Véxase VARONA, M., «Para acceder al permiso que concede la Xunta de Galicia las mariscadoras piden fórmulas flexibles de cotización a la seguridad social», en *Mar*, núm. 382 (2000), páx. 61.

50 Véxase o devandito art. 4 do RXSSTM de 1970.

51 Sobre o tema, véxanse os arts. 2.b) do TRTM de 1974, e 2.b) e 2.2 do RXSSTM de 1970.

52 Sobre o tema, véxase CARRIL VÁZQUEZ, X.M., *La seguridad social de los trabajadores del mar*, cit., páxs. 292 e ss.

53 Con indicación dos ingresos medios destas mariscadoras e de propostas doutros modelos de cotización, véxase VARONA, M., «Para acceder al permiso que concede la Xunta de Galicia las mariscadoras piden fórmulas flexibles de cotización a la seguridad social», cit., páxs. 59 e ss.

IV.- ... E PARA O MAR...

§10.- No grupo de traballos realizados para o mar —que son, lémbrese, os efectuados en terra firme pero que serven de complemento aos que se desenvolven precisamente no mar—, tamén son dúas as concretas actividades marítimo-pesqueiras nas que a participación da muller soe presentar problemas.

§11.- A primeira, enmarcada nos labores de arranxo en terra dos aparellos das embarcacións de pesca, é a relativa á reparación e mantimento das redes e outras artes de pesca. Trátase, con efecto, dun labor realizado «maioritariamente por mulleres»⁵⁴, que, malia súa importancia —sen o mesmo «a saída dos barcos demoraríase ou se incrementaríase notabelmente o gasto en compra de redes novas»⁵⁵—, carece todavía dun réxime xurídico satisfactorio.

En primeiro lugar, por tratarse dunha actividade en moitos casos vencellada a explotacións pesqueiras artesanais ou de baixura de carácter familiar —a maioría das redeiras son «familiares directos dos pescadores»⁵⁶—, nas que as mulleres, complementando o traballo do home, titular da embarcación que sae profesionalmente a pescar, reparan os desperfectos das redes⁵⁷, pero sen que isto implique necesariamente a súa inclusión como traballadoras autónomas no réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar, pese a estar legalmente contemplada como tal⁵⁸. E en segundo lugar, por tratarse tamén dunha actividade que «tradicionalmente... tense enmarcado na denominada “economía sumerxida”»⁵⁹, que resulta claramente «daniña para estas traballadoras» a todos os niveis⁶⁰, facendo comprensible, ademais, que o número de redeiras afiliadas ao réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar sexa relativamente baixo, posto que a 31 maio 2003 tan só figuran en situación de alta como tais profesionais autónomas 567 redeiras⁶¹.

De todos xeitos, hai que indicar que os problemas mencionados —que ocasionan, entre outras cousas, que as redeiras carezan de lugares axeitados para acometer o seu labor no porto, que non poidan facer fronte a discriminacións económicas ou que non teñan protección de seguridade social— semellan ir eliminándose progresivamente, por causa sobretudo dun incipiente proceso de profesionalización da actividade⁶².

54 Véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el mar», cit., páx. 44.

55 *Ibidem*.

56 *Ibidem*.

57 Sobre o tema, véxase MANZANARES MARTINEZ, D.A., «La presencia de la mujer en el trabajo», cit., páxs. 32 e ss.

58 Ao declarar o art. 6 («Familiares de traballadores por conta propia») do RXSSTM de 1970 que estarán «igualmente incluídos neste Réxime Especial, como traballadores por conta propia, o cónxuxe e os parentes por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao, inclusive, de calquera dos traballadores enumerados no apartado b) do número 1 do artigo 2, cando traballen con eles nas súas explotacións de forma habitual, convivan co cabeza de familia, dependan economicamente del e reúnan as condicións esixidas neste capítulo para a respectiva actividade».

59 Véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el mar», cit., páx. 44.

60 *Ibidem*.

61 *Ibidem*. A propósito da súa inclusión como redeiras autónomas, o art. 5 del RXSSTM de 1970 declara que os «redeiros que non realicen a súas faenas por conta dunha Empresa pesqueira determinada terán a consideración de traballadores por conta propia ou autónomos, aínda que se agrupen con outros para a realización das súas actividades, sempre que non empreguen máis de catro traballadores ao seu servizo».

62 Sobre esta profesionalización, véxase SALAMANCA, J.M., «La mujer gana relevancia en el mar», cit., páx. 45.

§12.- Pola súa parte, a segunda das actividades marítimo-pesqueiras realizada en terra firme para o mar, tamén vencellada á de pesca propriamente dita, é a constituída polo traballo das empacadoras do peixe, que son aquelas concretas profesionais do mar que se adican basicamente á descarga, clasificación e distribución do peixe que chega aos portos. Quizais, a principal singularidade desta actividade sexa o do seu marcado carácter discontinuo, posto que, ao depender tan directamente da pesca, as empacadoras non realizan o seu traballo todos os días, senón tan só aqueles días nos que chega a porto peixe que descargar, clasificar e distribuir.

No caso concreto das empacadoras que son contratadas laboralmente, esta discontinuidade nos servizos ten condicionado o seu traballo, especialmente a xornada e o salario. Pero, sobretudo, tamén as regras de afiliación e cotización ao seu correspondente réxime de seguridade social, que é —aínda que non aparezan expresamente mencionadas na súa normativa reguladora— o réxime especial de seguridade social dos traballadores do mar⁶³.

E así o proba, segundo informa certa xurisprudencia dos nosos tribunais laborais, o chamado «apéndice ao concerto de 10 de maio 1972 suscrito polo ISM e a Unión Sindical de Armadores de Altura de Ondárroa o 21 de maio 1975»⁶⁴, en virtude do cal se estableceron unhas regras específicas para a xestión das obrigas de seguridade social das empresas que contraten traballadoras empacadoras. Trátase, con efecto, dun acordo que contén tres regras para dar solución ao problema que suscita a discontinuidade deste concreto traballo marítimo-pesqueiro, pois establece: 1) que «no lugar de causar altas e baixas con cada incorporación e cese,... [manteráse] un alta única mentras subsista a vinculación da empacadora, reflectíndose o número de días efectivos de traballo a través das correspondentes certificacións que mensualmente estenda a Unión Sindical»; 2) que «a cotización ha de facerse en cada mes polos días realmente traballados, acreditados a través das devanditas certificacións»; e 3) que «non obstante, se esas xornadas non chegasen a dez ao mes, haberá de cotizarse por dez días»⁶⁵.

Pero a aplicación deste acordo non sempre ten resultado pacífica, posto que ten plantexado problemas, por exemplo, na determinación do período de cotización esixido para causar dereito á pensión de xubilación, porque o ISM soe declarar que a ausencia de certificacións empresariais mensuais —que serían os xustificantes de cotización polos días realmente traballados— implica que a cotización se ten realizado por dez días cada mes, de maneira que, ao entenderse que nestos casos non se ten traballado nen cotizado máis días, somentes os dez días en cuestión poden computarse aos efectos da carencia esixida. Este problema, que se ten plantexado xa en varias ocasións perante a Sala do Social do TSX do País Vasco, semella non terse resolto definitivamente, posto que esta Sala de Suplicación ven dando resposta ao mesmo de «xeito distinto»⁶⁶. Con efecto, as veces ten sostido —aplicando o devandito convenio de 21 maio 1975 entre o

63 A afiliación a este réxime especial de seguridade social como traballadoras por conta propia ou autónomas tamén resulta posíbel, pero sempre que a actividade de empacadora constitúa o seu meio fundamental de vida. Sobre o tema, véxanse SsTSX do País Vasco de 28 xaneiro 1998 (Ar. 751) e 17 marzo 1998 (Ar. 1625).

64 A este «apéndice» aluden concretamente as SsTSX do País Vasco de 15 maio 2001 (Jur. 198941), 11 setembro 2001 (Jur. 2002/78883), 11 setembro 2001 (Jur. 2002/78930), 4 xuño 2002 (Ar. 2003/1926) e 21 xaneiro 2003 (Jur. 114963).

65 Véxanse FD 2, parágr. 6º, da STSX do País Vasco de 15 maio 2001 (cit.); FD 2, parágr. 1º, da STSX do País Vasco de 11 setembro 2001 (cit.); e FD 2, parágr. 8º, da STSX do País Vasco de 21 xaneiro 2003 (cit.).

66 Véxase CARRIL VÁZQUEZ, X.M., «Sobre cómputo de cotizaciones para jubilación anticipada de una trabajadora del mar, por aplicación de la Ley 47/1998, de 23 diciembre», en *Aranzadi Social*, núm. 11 (2003), páx. 32.

ISM e a Unión Sindical de Armadores— que «a ausencia de certificacións mensuais e simultáneo mantimento do alta, a falta doutros dados que o contradigan, ha de se ler como expresión dunha situación na que non hai interrupción na actividade e, xa que logo, que todos os días do período son de alta real e suxeitos a cotización»⁶⁷; tese ésta contradita noutras ocasións pola Sala, afirmando «que, en ausencia de certificados (que serían os xustificantes a efectos de cotización dos días realmente traballados), se entende que se a cotización se ten realizado por dez días cada mes é porque non se ten traballado —nen cotizado— máis días»⁶⁸.

V.-... UN PROXECTO INACABADO.

§13.- En fin, así descritas, éstas semellan seren as principais peculiaridades do traballo que desenvolven as mulleres nalgúns dos concretos sectores nos que se diversifica o conxunto de actividades marítimo-pesqueiras. Trátase de peculiaridades que xustifican plenamente, ao meu xuízo, a afirmación de que «a división entre mar e terra a que se enfrontan... [as persoas que se adican profesionalmente ás devanditas actividades marítimo-pesqueiras] é, en grande parte, unha división entre sexos»⁶⁹, na medida en que perpetúan un peculiar sistema de reparto sexual do traballo, provocando aquí tamén a «masculinización» e a «feminización» de certas actividades marítimo-pesqueiras⁷⁰.

Quizais por isto, podese concluir indicando que a incorporación e permanenza da muller no traballo marítimo-pesqueiro constitúen na actualidade un proxecto inacabado, posto que, a falta de medidas específicas que corrixan os efectos negativos destas peculiaridades, o traballo marítimo-pesqueiro pode seguir a ser considerado, ao igual que noutras actividades, «máis que unha realidade, un repto para as mulleres»⁷¹.

67 *Ibidem*.

68 *Ibidem*.

69 Véxase MUNK-MADSEN, E., «Características psicosociales de los trabajadores del mar», cit., páx. 66.11.

70 Sobre estas cuestións, véxase RODRÍGUEZ ESCANCIANO, S., *La protección jurídico laboral de la mujer: luces y sombras*, Cedecs (Barcelona, 2002), páxs. 80 e ss.

71 *Ibidem*, páx. 323.